

CONCELLO
DE VIGO



CONCELLO
DE VIGO



LIGA DE

Piscina
Municipal
do Carme
Complexo
das Travesas

Inscripcións
e información:
vide@vide.es
986 247 104

NATACIÓN
ESCOLAR

2015-2016

VIGO,
terreo de xogo



VIGO,
terreo de xogo





REGULAMENTO DA LIGA DE NATACIÓN ESCOLAR CONCELLO DE VIGO CURSO 2015/2016

- **Organización:** A Liga de Natación Escolar “Concello de Vigo”, está organizada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo, coa dirección técnico-deportiva do Club Natación Vigo Rías Baixas, coa colaboración de FOANPAS e a Fundación Vide.
- **Sede:** Piscina Municipal do Carme (Complexo Municipal das Travesas).
- **Datas:**
 - Xornada 1: 17/01/2016.
 - Xornada 2: 28/02/2016.
 - Xornada 3: 24/04/2016.
 - Xornada 4: 12/06/2016.
- **Horarios:** As xornadas desenvolveranse dende as 9.00 hasta as 14.00 horas, podendo variar en función do nivel de participación, indicándose, en todo caso e con antelación suficiente, os posibles cambios ós colexios participantes. Nadarán en primeiro lugar a categoría Benxamín e a continuación a categoría Promesa.
- **Inscrición:**
 - Gratuita.
 - Data límite inscrición: Pecharase o luns da semana de competición de cada unha das xornadas sempre que haxa prazas dispoñibles. O límite total de inscritos/as é de 500.
 - Cómo facer a inscrición: Os centros escolares remitirán o documento tipo de inscrición do colexio e as follas individuais dos/das participantes por calquera das seguintes vías:
 - Mail: vide@vide.es
 - Fax: 986247105
 - Presencial na Fundación Vide: C/ Cesáreo González s/n (Horario: Mañás de luns a venres de 09,00h a 13,30h e tardes, luns e mércores de 17,00h a 19,00h).
 - Inscrición permanente: Os colexios poderán facer novas inscrición en calquera das xornadas, sempre que haxa prazas.
 - Documentos Tipo:
 - Folla Tipo de inscrición individual: Cada colexio deberá enviar unha folla de inscrición por cada nadador/a que participe na Liga, na que debe constar nome completo e ano de nacemento, nome do/da pai/nai ou titor/a, número de teléfono e autorización segundo modelo adxunto.
 - Folla Tipo de centro e do responsable da actividade: Os centros escolares remitirán os datos do centro e do responsable da actividade (teléfono de contacto, e-mail,...)

VIGO,
terreo de xogo



- **Categorías:**
 - Promesas: nadadores masculinos e femininos nados nos anos 2008-2009 e 2010.
 - Benxamíns: nadadores masculinos e femininos nados nos anos 2004-2005-2006 e 2007.
- **Probos:** En ambas categorías: 25 metros libres e 25 metros costas.
 - Programa de probas en cada unha das xornadas:
 - 25 metros libres mixtos Promesas.
 - 25 metros costas mixtos Promesas.
 - 25 metros libres mixtos Benxamín.
 - 25 metros costas mixtos Benxamín.
- **Competición e clasificacións:**
 - As probas nadaranse polo sistema contrarreloxo.
 - Os resultados serán acumulativos nas catro xornadas.
 - Cada nadador ou nadadora participará en ambas probas (estilo libre e costas).
 - Cronometraxe manual.
 - A puntuación será 600, 400, 350, 300, 250, 200, 150, 100, 70, 60, puntos dende o primeiro ate o décimo clasificado/a en cada proba e 50 puntos para o resto de clasificados/as.
 - Clasificación de colexios: Para a clasificación de colexios, a efectos de puntuación, se terán en conta, as puntuacións dos 3 primeiros nadadores masculinos e as 3 primeiras nadadoras femininas de cada colexio, en cada proba e categoría, con independencia do número de nadadores que participen por cada colexio.
 - As puntuacións serán expostas no taboleiro de acceso á instalación á finalización de cada unha das probas.
- **Participación e normativa:**
 - Aberta e gratuita: A competición está aberta a todos/as aqueles/as nadadores/as matriculados/as nos colexios de Vigo no ciclo educativo de primaria.
 - Non existe limitación en canto ao número de nadadores/as que cada colexio poida inscribir en cada unha das probas a nadar en cada xornada, aínda que o límite total de participantes é de 500.
 - Cada nadador/a inscrito/a estará cuberto por un seguro de accidente contratado polo Concello de Vigo.
 - Dentro da piscina, os/as nadadores/as deberán estar sempre acompañados por un/unha delegado/da representante de cada colexio.
 - A Competición rexerese pola normativa federada vixente.
- **Premios:**
 - Medallas para todos/as os/as nadadores/as.
 - Trofeo ao Colexio con maior nivel de participación
 - Trofeo aos 3 Colexios mellor clasificados.
 - Trofeos aos 3 primeiros/as clasificados/as masculinos e femininos en cada unha das categorías.

VIGO,
terreo de xogo

